

Lingua e literatura galega.

Unidade 12

Contexto histórico, social e cultural.

-Sublevación militar de xullo de 1936 que pon fin á II República→ represión, censura.



Contexto histórico.

- 1936-1939**: Guerra civil española.
- 1939-1945**: II Guerra mundial.
- 1950**: Fin do PG. Fundación da Editorial Galaxia.
- 1963**: Fundación do PSG e da UPG (ambos nacionalistas).
- 1975**: Falecemento de Franco.
- 1978**: Aprobación da actual CE e configuración das autonomías.



Contexto histórico. Economía

Ata os anos 60:

-Illamento dos países occidentais derivou nunha crise económica (racionamento, redución de salarios, estraperlo.)

A partir do anos 60:


-Desenvolvemento da agricultura, avance industrial, mellora nas vías de comunicación...



Colas para a cartilla de racionamiento | Documentación Sur

Contexto histórico. **Sociedade**

- Descenso da natalidade e da mortalidade.
- Desruralización e desprazamento cara á cidade.
- Crecemento do proletariado e da pequena burguesía.
- Continuación da emigración, a partir dos anos 60 prodúcese cara a países europeos.



Contexto histórico. Política

- Instauración dun réxime autoritario→ “Movimiento nacional”.
 - Negación da diversidade cultural e lingüística do Estado. (Ler texto Alonso Montero, páx. 100)
 - Represión: republicanos, comunistas, galeguistas...
- Na posguerra a actividade política tivo cabida no exilio.
 - A partir da disolución do PG, a loita política deu paso a unha loita cultural. A loita política recuperouse nos anos



Contexto histórico. Situación lingüística

-Prohibición do uso escrito, silencio literario e perda de prestixio social.

-Comeza a perder falantes principalmente nos ámbitos urbanos (urbanización, prexuízos, institucións, medios de comunicación).

-Arredor de 1950, recuperación da lingua e cultura galegas (resistencia cultural, editorial Galaxia).

-Nos anos 60, recuperación palpable: asociación culturais, actividade política clandestina.

HABLE BIEN

Sea Patriota - No sea bárbaro

Es de cumplido caballero, que Vd. hable nuestro idioma oficial o sea el castellano. Es ser patriota.

VIVA ESPAÑA Y LA DISCIPLINA Y NUESTRO
IDIOMA CERVANTINO

¡ARRIBA ESPAÑA!!

Octavilla. Imprenta Sindical. A Coruña, 1947

Contexto histórico. Situación lingüística

- Nos últimos anos da ditadura, o galego comeza a recuperar a función cultural e social:
- Compromiso coa lingua por parte dos partidos e organizacións nacionalistas.
- Avánzase na investigación lingüística...



Luís Pimentel.

-Estudou Medicina en Compostela e doutórase en Madrid.

-OBRA: *Triscos*, 1950; *Sombra do aire na herba*, 1959.

-Temática: sentimentos coma a angustia, a melancolía ou o medo; temática cotiá

-Forma: sinxeleza na lingua e no uso de recursos; opta polo versolibrismo...



Lírica no exilio.

-A literatura galega tivo continuidade en América:

-Creación de revistas.

-Coros e compañías de teatro.

-Programas radiofónicos.

***Luís Seoane e Lorenzo Varela.**

Lírica no exilio. Luís Seoane


- Estudou Dereito en Santiago, onde se formou a súa ideoloxía galeguista e de esquerdas e a súa ideoloxía.
- Exilio en Buenos Aires, onde desenvolveu un importante labor cultural.
- En 1963 fundou con Isaac Díaz Pardo o Laboratorio de Formas de Sargadelos.



Lírica no exílio. Luís Seoane

OBRA:

- Fardel de eisilado*, 1952.
- Na brétema, Sant-Iago*, 1955.
- As cicatrices*, 1959.




Lírica no exilio. Luís Seoane

OBRA:


-Tematicamente, está dominada polo compromiso coa realidade social e humana de Galiza (emigración ou exilio e historia de Galiza centrándose nas persoas humildes).

-Con respecto ao estilo, acostuma usar versos longos de metro libre e sen rima.



Lírica no exilio. Lorenzo Varela

- Estudou en Lugo e Madrid e participou na fundación das Mocidade Galeguistas.
- Exilio en Francia, México e Arxentina, alí colaborou con Seoane.



Lírica no exilio. Lorenzo Varela

OBRA:

-*Catro poemas para catro gravados*, 1944 (exemplos de dignidade e loita).

-*Lonxe*, 1954.



A lírica 1936-1975.

-A lírica deste período ofrece un panorama moi heteroxéneo: varias xeracións, estilos e temas variados, convivencia de autores de promocións distintas.

-1947, *Cómaros verdes*, Aquilino I. Alvariño.
Aparición de revistas literarias, como *Alba* ou *Mensaxes de poesía*.

→ **VER ESQUEMA DA PÁXINA 194.**

A lírica 1936-1975. Xeracións poéticas

-Xeración de 1936: Aquilino I. Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Xosé M.^a Álvarez Blázquez.

-Promoción de enlace: Antón Tovar, Luz Pozo.

-Xeración das Festas Minervais: Manuel María, Bernardino Graña, Uxío Novoneyra, Méndez Ferrín.

A lírica 1936-1975. Xeración de 1936

- Naceron entre 1910-1920
- Influenciados directamente pola xeración Nós e as vangardas.
- Moitos xa publicaran antes da guerra.
- Traxectoria vital marcada pola guerra.
- Ponte entre a literatura de preguerra e as promocións máis novas.
- Tendencias variadas: neotrobadorismo, paisaxismo, intimismo, poesía cívica...

A lírica 1936-1975. Xeración de 1936. Aquilino I. Alvariño

- Apego á vida campesiña (nace en Seivane).
- Coñecemento profundo da cultura grecolatina (seminario de Mondoñedo).
- En Santiago entra en contacto co galeguismo e cos movementos literarios da vangarda.




A lírica 1936-1975. Xeración de 1936. Aquilino I. Alvariño

-*Señardá*, 1930

-*Corazón ao vento*, 1933

→ Dominan os sonetos modernistas e o paisaxismo.



-*Cómaros verdes*, 1947

→ Neotrobadorismo e versolibrismo (natureza humanizada).




A lírica 1936-1975. Xeración de 1936. Aquilino I. Alvariño

-*De día a día*, 1960

-*Lanza de soledá*, 1961

→ Paisaxismo, ton reflexivo e de confianza,
desamparo, soidade, dor existencial.




A lírica 1936-1975. Xeración de 1936. Celso E. Ferreiro

- Desde novo entra en contacto co galeguismo e coa literatura.
- Desenvolveu un intenso labor cultural: creación de revistas e editoriais, colaboracións na prensa...
- Cofundador da UPG (xunto a Ferrín).
- Emigra a Venezuela. Esta experiencia decepciónao.



A lírica 1936-1975. Xeración de 1936. Celso E. Ferreiro

- O sonho sulagado*, 1955
- Longa noite de pedra*, 1962
- Viaxe ao país dos ananos*, 1968
- Cantigas de escarnio e maldicir*, 1968
- Antipoemas*, 1972
- Onde o mudo se chama Celanova*, 1975





A lírica 1936-1975. Xeración de 1936. Celso E. Ferreiro

-Tres rexistros básicos: cívico, intimista e satírico

-O poeta **cívico**.- Compromiso coa realidade social. O poeta será o voceiro do pobo. Antibelicismo, liberdade, solidariedade cos que sofren.

-O poeta **intimista**.- Expresa os seus sentimentos. Memoria da guerra, dor existencial, amor, paraíso perdido da infancia...

-O poeta **satírico**.- A sátira e a ironía están en todos os libros. Fai escarnio de persoas ou tipos concretos ou para facer unha denuncia moral.



A lírica 1936-1975. Xeración de 1936. Celso E. Ferreiro

- Tres rexistros básicos: cívico, intimista e satírico.
- No tocante ao estilo e á lingua: sinxeleza expresiva, ás veces coloquial.
- Uso preferente de metros curtos e abundancia de recursos repetitivos.
- Simboloxía da luz e da escuridade, da auga e a pedra co significado de liberdade fronte a opresión e valores positivos fronte a negativos.

A lírica 1936-1975. Xeración de 1936. X. M.^a Álvarez B.

- Comezou a escribir os seus primeiros poemas na universidade.
- Tras a guerra foi desterrado a Zamora para exercer de mestre.
- Volta a Galiza cinco anos despois.



A lírica 1936-1975. Xeración de 1936. X. M.^a Álvarez B.

-Poemas de ti e de min, 1949

-Roseira do teu mencer, 1950

CANCIOEIRO DE MONFERO
(século III)

-Cancioneiro de Monfero, 1953

EDICIÓN E LIMAR DE
XOSÉ M.^a ÁLVAREZ BLAZQUEZ

-Canle segredo, 1976



EDICIONS MONTERREY
VIGO - MCMLIII

A lírica 1936-1975. Xeración de 1936. X. M.^a Álvarez B.

-Nos primeiros poemarios cultiva o popularismo, o hilozoísmo e o neotrobadorismo.

-En *Canle segredo* achégase á temática social e intimista.

A lírica 1936-1975. A promoción do Enlace

-Naceron entre 1920-1930.

-Formados durante os primeiros anos de posguerra.

-Foron, inicialmente, escritores bilingües.

-Combinan a expresión do seu compromiso social coa da angustia existencial.

A lírica 1936-1975. Promoción do Enlace. A. Tovar

- Deixou inacabados os seus estudos de Filosofía e Letras en Santiago.
- Ingresou nos xesuítas, pero tamén abandona.
- Finalmente exerce de funcionario do Estado en Ourense.



A lírica 1936-1975. Promoción do Enlace. A. Tovar

-Arredores, 1962

-Non, 1967

-O vento no teu colo, 1974

-Calados esconxuros, 1980



A lírica 1936-1975. Promoción do Enlace. A. Tovar

-Nos primeiros poemarios ten como temas esenciais: a conciencia do “eu” e da soidade, a tensión entre a angustia existencial e esperanza.

-A partir de *O vento no teu colo* apréciase certa renovación na súa lírica, onde se comeza a ver preocupación social e incluso certo erotismo vitalista.

A lírica 1936-1975. Promoción do Enlace. L. Pozo

-A súa familia sufriu directamente a represión franquista.

-Foi catedrática de Lingua e literatura española en Vigo.

-Fixo estudos musicais de solfexo, piano, violín e laúde que deixaron unha gran pegada na súa poética.

-Distinguida con numerosos premios literarios e culturais.



A lírica 1936-1975. Promoción do Enlace. L. Pozo

-*O paxaro na boca*, 1952 (amor)

-*Códice calixtino*, 1986 (amor)

-*Prometo a flor de loto*, 1992 (amor)

-*Vida secreta de Rosalía*, 1996



A lírica 1936-1975. Promoción do Enlace. L. Pozo

- Distínguense dúas liñas temáticas: a intimista e a de compromiso e reflexión social. Aínda que tamén atopamos trazos existencialistas nas primeiras obras.
- Algún dos trazos que definen a súa obra son a presenza da música, a sensualidade ou a espiritualidade.
- Ademais do amor, o compromiso con Galiza, a reflexión sobre a poesía e o diálogo con Rosalía son outros temas destacados.

A lírica 1936-1975. A xeración das Festas Minervais

- Naceron entre 1930-1940.
- Déronse a coñecer a través dos certames literarios santiagueses nos anos 50.
- Os seus mestres son os autores da Xeración do 36.
- Moitos deles comezan publicando en "Illa Nova".
- Algúns deles forman o grupo "Brais Pinto" (*beat generation*).
- Maniféstanse en dúas liñas poéticas: poesía intimista (morte, soidade, desesperanza) e poesía socialrealista.

A lírica 1936-1975. X. Festas Minervais. Manuel María

-O autor da Terra Cha coñeceu o ambiente dos faladoiros con Fole, Aquilino Iglesia, Luís Pimentel.

-Comprometido co nacionalismo (UPG).

-Creador de proxectos editoriais.





A lírica 1936-1975. X. Festas Minervais. Manuel María

-*Muiñeiro de brétemas*, 1950

-*Terra Chá*, 1954

-*Documentos persoas*, 1958

-*A primavera de Venus*, 1983




A lírica 1936-1975. X. Festas Minervais. Manuel María

- Os seus primeiros títulos inauguraron a Escola da Tebra,
- Posteriormente dará o paso á poesía social.
- Aínda que tamén cultivou a poesía paisaxística.

A lírica 1936-1975. X. Festas Minervais. B. Graña

-Estuda en Santiago, onde participa das Festas Minervais.

-posteriormente en Madrid (Brais Pinto)



A lírica 1936-1975. X. Festas Minervais. B. Graña

-*Poema do home que quixo vivir*, 1958 (estética da Escola da Tebra).


-*Profecía do mar*, 1966 (denuncia a destrución do mar e da terra).

-*Non vexo Vigo nin vexo Cangas*, 1975

-*Se o noso amor e os peixes...*, 1980

A lírica 1936-1975. X. Festas Minervais. Uxío Novoneyra

- Estuda o bacharelato en Lugo.
- Iniciou a carreira de Filosofía e Letras en Madrid (Brais Pinto).
- Por motivos de saúde, pasou longas temporadas de descanso na serra do Courel.
- Sempre traballou en espazos relacionados coa literatura.



A lírica 1936-1975. X. Festas Minervais. Uxío Novoneyra

-Os eidos, 1958

-Os eidos II, 1966

-Poemas caligráficos, 1975 (poesía social e de denuncia)

-Tempo de elexía, 1991

A lírica 1936-1975. X. Festas Minervais. Uxío Novoneyra

- Gran parte da súa obra insírese na poesía paisaxística de Aquilino Iglesia ou Noriega Varela, mais a del mostra unha relación máis íntima coa paisaxe (telurismo).
- A súa expresión adoita ser breve e con frecuentes enumeracións. Son importantes os elementos visuais (caligramas) e fónicos (fonosimbolismo).

Uxío Novoneyra



A lírica 1936-1975. X. Festas Minervais. Méndez Ferrín

- Nacido en Ourense.
- Participa con éxito nas Festas Minervais.
- Contacta co galeguismo cultural.
- Remata os seus estudos en Madrid (Brais Pinto).
- Forte compromiso político (UPG).
- Estadías en cárceres franquistas.



A lírica 1936-1975. X. Festas Minervais. Méndez Ferrín

- Voce na néboa*, 1957 (Escola da Tebra)
- Con pólvora e magnolias*, 1976 (marca un antes e un despois na poesía galega)
- Poesía enteira de Heriberto Bens*, 1980
- Erótica*, 1992
- Estirpe*, 1994
- Contra Maquieiro*, 2005 (crítica do capitalismo)

A lírica 1936-1975. X. Festas Minervais. Méndez Ferrín

- Nun primeiro momento participa da Escola da Tebra (ton angustiado, preocupación existencial).
- Nos anos 70 aparece a súa vea reivindicativa e concienciadora.
- A partir de *Con pólvora e magnolias*, ábrese a novos temas (amor, tempo, pasado...) e experimenta coa linguaxe (culturalismo, riqueza léxica, imaxes).
- A súa poesía vai máis alá da liña socialrealista precedente.